

Passer domesticus (Linnaeus, 1758)

	pardal
	gorrión común
	etxe-txolarrea
	pardal comú
	house sparrow
	pardal-doméstico



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Passeridae	<i>Passer</i>



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	28 g
Lonxitude	14-15 cm
Envergadura	21-25,5 cm

ALIMENTACIÓN

Sementes, froitos e bagas principalmente (tamén insectos do chan e da vexetación)

COMPORTEMENTO

Desprázase con soltura polo chan. É moderadamente gregario, sobre todo en arboredas onde se reúnen por seren as súas durmideiras. Constrúen o niño en oquedades de edificios, pero tamén noutros emprazamentos como buratos nas árbores eu nas ramas dos niños das cegoñas.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril a agosto. Unha posta de 2-7 ovos que son incubados por ambos proxenitores durante 11-14 días. Aos 12-16 días os polos abandonan o niño, e unha semana despois xa son independentes.

HÁBITAT

Zonas rurais ou urbanas preto de terreos agrícolas e zonas abertas (zonas humanizadas)

DISTRIBUCIÓN

Por todo o mundo, incluso en illas oceánicas. Non está presente en Siberia, China, Xapón nin Indonesia.

CURIOSIDADES

É un paxaro moi sociable formando bandos que poden ser ata perxudiciais cando en verán se alimentan en cultivos. Un comportamento curioso no galanteo é o corro de pardais, que comeza cando unha femia é cortexada polo seu macho, o cal levanta a cabeza e baixa as ás. Isto incita aos outros machos para unirse ao cortexo, o que fai que a femia salga fuxindo. Créese que este comportamento ten a finalidade de sincronizar o celo na colonia, xa que os pardais adoitan ser monógamos.

A subespecie presente na península Ibérica é *Passer domesticus* subsp. *balearoibericus*.